

## **ORDENANZA FISCAL Nº 14**

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

#### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza**

De conformidade co previsto no artigo 59, en relación cos seus artigos 92 a 99, do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, é un tributo directo, de carácter obrigatorio.

#### **Artigo 2º.- Normativa aplicable**

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica, rexerá neste Concello:

a) Polas normas reguladoras deste, contidas no Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentos que complementen e desenvolvan a dita lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 3º.- Feito imponible**

1. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un imposto directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación o que se matriculara nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causara baixa neles. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. A xestión, liquidación, recadación, inspección, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria corresponderá a este Concello cando o enderezo que figure no permiso de circulación de vehículo radique no municipio.

#### **Artigo 4º.- Supostos de non suxeición**

Non estarán suxeitos a este imposto:

a) Non están suxeitos a este imposto os vehículos que, sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poden ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 quilogramos.

### **Artigo 5º.- Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos deste imposto, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a nome das que conste o vehículo no permiso de circulación.

### **Artigo 6º.- Responsables**

Todo o relativo aos responsables deste tributo, determinarase de conformidade ao previsto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; na Lei xeral tributaria, artigos 41 a 43; no Regulamento xeral de recadación e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

### **Artigo 7º.- Exencións**

1. Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representación diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria, ou ao traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida que se refire a letra A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as devanditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

Para os efectos do disposto neste parágrafo, considéranse persoas con minusvalía as que teñan esa condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento. En todo caso, segundo o disposto na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, consideraranse

afectados por unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios destas por máis dun vehículo simultaneamente.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da libreta de inspección agrícola.

2. Para poder gozar das exencións a que se refiren as letras e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión, con anterioridade ao devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula, a causa do beneficio e acreditar mediante a presentación da documentación na que consten a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. En caso de presentar a solicitude con posterioridade ao devengo do imposto, a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Xunto coa petición de exención regulada no parágrafo e) do apartado 1 deste artigo os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

A) Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

1.- Fotocopia do permiso de condución (anverso e reverso). Exhibición do orixinal no momento da presentación.

2- Fotocopia do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

3- Fotocopia da póliza de seguro do vehículo a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

4- Fotocopia DNI.

5- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

6- Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte por parte do beneficiario da exención.

7.- Estar empadroado no Concello de Val do Dubra.

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por tódolos conceptos.

B) Vehículos destinados ó transporte de minusválidos:

1.- Fotocopia do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Asuntos Sociais no que conste ademais do grao de minusvalía, que o minusválido ten necesidade de asistencia de terceiras persoas e se ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

2.- Fotocopia do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

3.- Fotocopia da póliza de seguro do vehículo na que conste a persoa encargada do transporte da persoa con discapacidade. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

5.- Fotocopia DNI do minusválido e do condutor habitual do vehículo.

6.- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

7.- Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

8.- Estar empadroado no Concello de Val do Dubra.

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por tódolos conceptos.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios destas por máis dun vehículo simultaneamente.

**Artigo 8º.- Cota tributaria**

1. O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida lei, pola aplicación sobre este dun coeficiente do 1,10.

2. Para os efectos de facilita-la aplicación das tarifas, deberase ter en conta a seguinte normativa:

A) En canto á clasificación dos vehículos, o Anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro, que recolle nas súas letras ãAö, ãBö e ãCö, as ãDefiniciónsö, ãClasificacións por criterios de Construciónö e ãClasificación por criterios de utilizaciónö.

B) En canto á determinación da potencia fiscal, mediante as fórmulas recollidas no Anexo V do referido Regulamento xeral de vehículos.

3. No caso de que nas leis de presupostos do Estado se modificara o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,1 aplicarase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas leis de presupostos estatais.

### **Artigo 9º.- Bonificacións**

1. Terán unha bonificación do 50% na cota do imposto os vehículos eléctricos, de biodiesel ou movidos por hidróxeno, durante cinco anos naturais contados desde a data da primeira matriculación do vehículo.

Os interesados deberán presentar a solicitude de bonificación con anterioridade a data do devengo do imposto. En caso contrario, a concesión da bonificación terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Os interesados deberán achegar a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste apartado.

2. Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados a partir da data da súa fabricación, tomándose como tal, se esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante de deixou de fabricar.

Para poder gozar da bonificación, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a antigüidade. Para estes efectos deberán acompañar á solicitude de bonificación os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar dela, ben por medio de copia cotexada da ficha técnica, ou permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data na que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. No caso de vehículos históricos acreditarase achegando a catalogación como tal polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

O petionario deberá xustificar, así mesmo, estar ao corrente no pagamento do imposto mediante a exhibición dos recibos dos catro últimos exercicios ou certificado equivalente.

Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a exención aplicarase desde o exercicio seguinte ao da solicitude. Declarada a bonificación pola Administración tributaria local, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

### **Artigo 10º.- Período impositivo e devengo**

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día no que se produza a devandita adquisición.

2. O imposto devégase o primeiro día do período impositivo.

3. O importe da cota do imposto prorratarase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por substracción ou roubo do vehículo, e isto desde o momento no que se produza a dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

### **Artigo 11º.- Xestión do imposto**

1. Nos supostos de adquisición e primeira matriculación dos vehículos ou cando estes se reformen, de xeito que se altere a súa clasificación aos efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos ou os seus representantes presentarán nos lugares que determine a Deputación Provincial da Coruña, e con carácter previo á súa matriculación na Xefatura Provincial de Tráfico, no prazo de trinta días, que comezará a contar desde a data de adquisición ou reforma, autoliquidación do imposto, para o cal se cumprimentará o modelo-impreso xuntando a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado de características técnicas do vehículo e documento nacional de identidade ou código de identificación fiscal do suxeito pasivo.

Simultaneamente á presentación da declaración-liquidación á que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do imposto resultante dela. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional, en tanto que pola oficina xestora non se comprobe que esta se efectuou mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto.

2. Nos supostos de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o imposto xestionase a partir do seu padrón anual, no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ao imposto que se atopen inscritos no correspondente rexistro público a nome das persoas ou entidades domiciliadas neste municipio.

O padrón do imposto expoñerase ao público por un prazo dun mes para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público do padrón anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

### **Artigo 12º.- Xustificación do imposto**

1. Quen solicite ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular un vehículo, deberá acreditar previamente o pagamento do imposto.

2. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a súa reforma, sempre que altere a súa clasificación para os efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de enderezo que conste no permiso de circulación do vehículo, o de baixa dos ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida xefatura provincial o pagamento do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible, por vía de xestión e inspección, o pagamento de tódalas débedas polo dito concepto, devengadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obriga de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.

3. As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes se non se acredita previamente o pagamento do imposto, nos termos establecidos nos apartados anteriores.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

As modificacións producidas pola Lei de presupostos xerais do Estado ou calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento do presente imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno do Concello na sesión do día 20 de decembro de 2007, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008, mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.